

FLADFERO

PERIODICO BIMENSUAL

del Colegio Nacional de Beluso


17 DE



MAIO

Dia das

Letras



nº especial

Galegas

SUMARIO

S A U D O

E D I T O R I A L

O S M A I O S

T R A B A L L O S L.

C R U C I G R A M A

D I B U X O S

Colaboraron:

Todos os rapaces de cuarto e quinto nivel.

José M. Millán de 8^o Nivel.

Aurelio Ferreira de 6^o Nivel.

Ricardo Rial de 6^o Nivel.

José Carlos Curra.

Salvador Martínez de 6^o Nivel

M^a Cristina Graña de 6^o Nivel

Con la colaboración especial de:

D. ANASTASIO BOYANO, profesor de 3^o Nivel

Coordinan:

D. Xosé Feijóo Torres e D. Xosé L. Vilariffo.

SALUDO

Quiero aprovechar esta oportunidad y pequeño hueco que me brinda el periódico, este portavoz del Centro, que de verdad me satisface, y al que todos debemos dar vida, alimentar y sostener, para enviar un cariñoso y cordial saludo a los profesores del Colegio,—compañeros en diaria lid—, padres de alumnos y a éstos, que, gracias al celo, competencia y bondad de los primeros, colaboración y aliento de los segundos, comprensión, buen entendimiento y afán de los últimos, hacen se conviertan en realidad nuestras aspiraciones, en bien de la mejor formación de estos alumnos, que, cual palanillos vecingleros, alegran las aulas del Centro, y dan razón de ser, a nuestra labor profesional.

A los antiguos alumnos, les recuerdo y sigo queriendo, porque ellos enaltecen con su honrría de bien esta tierra, y con su afán de trabajo y honradez dan digno ejemplo a sus hijos y hermanos.

Para todos paz y prosperidad.

EL DIRECTOR DEL COLEGIO.

editorial

O día 17 do presente mes de maio celebramos " O DIA DAS LETRAS GALEGAS ": Elixíuse esta data porque un 17 de maio (do ano 1.863) publicouse un libro moi importante para as nosas LETRAS: CANTARES GALLEGOS de Rosalía de Castro. Esta festa foi instituída pola Real Academia Galega co gallo de honrar cada ano a unha figura das nosas Letras.

O galego foi durante a Idade Media unha lingua que se empregaba a cotío: no ensino, na conversa, na administración, na Eirexa, na literatura...

No século XV os reises da dinastía dos Trastámara foron enchendo Galicia de señores e funcionarios que empregaban o castelán imponéndose deste xeito na escola, na Eirexa e na administración. Así o galego somentes o falaban os mariñeiros e os labregos, pasando a ser unha lingua oral, non escrita. Como os que falaban o castelán xeralmente eran ricos, e os que falaban o galego xeralmente eran probes, moita xente coidaba e aínda coida que o castelán era un idioma rico namentras o galego era un idioma probe.

Que non era deste xeito viñeron a demostralo os poetas galegos do século XIX, que escomezaron a utilizar outra vez o galego como lingua escrita.

As figuras ás que se lle ten dedicado o DIA DAS LETRAS GALEGAS son as seguintes:

1.963.-ROSALIA DE CASTRO.

Nacéu en Santiago en 1.837 e morréu na súa casa de Padrón en 1.885. Rosalía é o máis grande escritor galego de tódolos tempos, autora de dous libros extraordinarios. "Cantares gallegos" e "Follas Novas".

1.964.-ALFONSO R. CASTELAO.-

Nacéu en Rianxo en 1.886 e morréu no desterro, en Buenos Aires, en 1.950. Pertenece á Xeneración Nós. Foi pintor, escritor e político. Como pintor fixéronse os célebres dibuxos titulados "Cousas da vida", que publicaba en revistas e periódicos. Como escritor, destacan os seus contos breves titulados: "Cousas e Retrincos", a novela "Os dous de sempre" e a obra de teatro "Os vellos no deben de namorarse". Como político foi Diputado representante de Galicia nas Cortes da República. Escribiu un libro doutrinal titulado: "Sempre en Galiza", verdadeira biblia política dos galegos das última xeneracións. Castelao ten hoxe a categoría do símbolo da Galicia que loita polos dereitos como pobo.

1.965.-EDUARDO PONDAL.-

Nacéu en Ponteceso en 1.835 e morréu na Coruña en 1.917. Forma con Rosalía e Curros a triada magna da poesía galega do século XIX. Nos seus poemas de grande alento épico, canta o pasado mítico de Galicia. A súa obra máis famosa chámase "Queixumes dos pinos". É o autor da letra do "HIMNO GALEGO".

1966.--FRANCISCO ALON

Nacéu en Boel, na serra de Outes, en 1.812. Morréu en Madrid, abandonado e probe, en 1878. Estudiara Dereito en Santiago e viaxou por Portugal, onde estivo desterrado, Francia e Italia.

1967.--MANUEL CURROS ENRIQUEZ

Nacéu en Celanova en 1851. Morréu na Habana en 1908. Consagróu a súa vida aos seus ideais políticos e sufrío desterro e persecución. Como poeta é un dos tres grandes do noso século XIX. En vida gozou dunha grande popularidade, has-trá a punto de que fou coroado en dúas ocasións. É autor da fermosa lenda titulada "A Virxe de Cristal", que está incluída no seu libro Aires da miña terra. Tamen escribiu O Divino Sainete.

1968.--FLORENTINO L. CUEVILLAS

Nacéu en Ourense en 1886 e morréu na mesma cidade en 1958. Pertence a Xeneración Nós. A súa obra científica resulta fundamental para coñecer o pasado de Galicia. Como escritor poseía unha extraordinaria finura, que queda patente no fermoso libro de artigos titulados Prosas Gallegas.

1969.--ANTONIO NORIEGA VARELA

Nacéu en Mondoñedo en 1869 e morréu en Viveiro en 1947. Era maestro de escola. Cantou a natureza en versos dun gran lirismo. Escribiu fermosos sonetos en galego. Os seus libros máis famosos son Montañesas e Do ermo.

1970.--MARCIAL VALLADARES NÚÑEZ

Nacéu en Vilancosta (A Estrada) en 1821. Morréu no mesmo lugar en 1903. É autor dun Dicionario gallego-castellano e da primeira novela galega: Maxina, ou a filla esúrea, publicada o ano 1880.

1971.--GONZALO LOPEZ ABALLE

Nacéu en Nuxía en 1878, e alí mesmo morréu en 1963. Era parente de Pondal. Como poeta pertence á escola de Cabanillas. Os seus libros máis coñecidos son: Escumas da ribeira, Alento da raza e De outono.

1972.--VALERIANO LAMAS CARVAJAL

Nacéu en Ourense en 1849. Morréu na cidade natal en 1906. E xunto con Rosalía e Curros un dos poetas galegos máis populares. Foi periodista importante, e fundou e dirixiu o semanario galego O tío Marcos da Portela, que adquiriu unha grande notoriedade. É autor dun libro famosísimo: O catecismo do labrego, que aínda hoxe saben moitos campesinos de memoria.

1973.--MANUEL LAGO GONZALEZ

Nacéu en Tui en 1865 e morréu en Santiago, diócesis da que era arcebispo, en 1925. Defendeu o emprego da lingua galega e nela escribiu fermosos poemas, como o titulado "A fala galega".

1974.--ZOAN VICENTE VIQUEIRA

Nacéu en Madrid en 1886, pero era oriundo de Galicia. Morréu aos trinta e oito anos na súa aldea de Bergondo, perto de Lada, en 1924. Foi home de extraordinaria formación intelectual. Estudiu cos filósofos europeos máis importantes da época en París e en Alemaña. Era catedrático de Filosofía. Pertenceu ás "Irmandades da Fala". A súa obra está recollida no volumen Ensaos e poesías.

1975.-ROAN MANUEL PINTOS VILLAR

Nacéu en Pontevedra, en 1811. foi suco fiscal e rexistrador. Morréu en Vigo en 1876. A importancia histórica de Pintos é ser autor de A gaita gallega, o primeiro libro escrito en galego no Renacemento do século XIX.

1976.-RAMON CABANILLAS

Nacéu en Cambados en 1876. Morréu no mesmo lugar en 1959. É un escritor do alento dos grandes poetas da nosa Renacemento. Na súa obra únense lirismo e poesía cívica e social. A súa produción literaria é abondantísima e atónase recollida na edición das súas Obras Completas.

1977.-ANTON VILLAR PONTE

Nacéu en Viveiros en 1881 e morréu na Coruña en 1936. Estudiu a carreira de Farmacia, pero dedicou a súa vida ao periodismo. A unha iniciativa súa débese a fundación das "Irmandades da Fala". A súa obra está recollida en parte no volumen titulado Pensamento e sementeira.

1978.-ANTON LOPEZ FERREIRO

Coengo compostelan, con fondas raíces no Ulla, home forte e alto, o estilo de D. Anxo Amor Ruibal, tenen coengo de Compostela. Os dous débelle Galicia a salvación do seu prestixio científico nunha data de esclerosis. O meirande historiador da irmandade de Santiago nacera na pracinha de Universidade no 1.837, e finou os 83 anos no seu pazo a carón do Pico Sagro cando todas as campás do val festexaban a entrada de Xesus en Xerusalén.

A "HISTORIA" de D. Antón escomeza con unha introducción polémica e apoloxética pasando de seguida a verdadeira historia cimentada en documentos e restos arqueolóxicos.

O seu estilo é doado e sinxelo.



Coplas dos Maíos, 1978

Nos primeiros días do mes de maio celébrase na nosa terra unha festa moi popular: A festa dos maíos.

Esta é unha festa onde con picaresca e retranca criticanse as cousas que aconteceron, no percorrer do ano, no povo, na vila ou no país.

Escomenza xuntándose na praza os distintos grupos con carros, piornos ou calquera unha cousa que faga xogo co que van cantar unha morea de rapaces.

Os poemas críticos cántanse con unha tonadiña moi pegañenta e dáselle premios os millores.

Remátase todo con unha inorme foliada.

Pra que vexades un exemplo ahí vos van uns poemas que se cantaron iste ano na festa dos maíos de Ourense.

O maio diste ano
ven asoballado
por iso non poide
quedarse calado

Pois siguen mandando
na terra os caciques,
din sempre que sí
a canto lles pides

As choivas i os ventos
barreron carballos
piñeiros e toxos
e vasta valados


O arte do conto
é diles o forte,
i han seguir ca mañá
hasta a hora da morte.

Mais aínda quedaron
na nosa Galiza
moitas cousas vellas
pra seguir en liza

E si iles poideran
o ceo marcar,
hasta o San Pedro
farían calar.

Cambian de chaqueta
tamén de pantalóns,
mais os tontos somos
cuasi todos nos.

Anque ben sabemos
coitados de nós
que é perder o tempo
o buscar razóns.



SEGUNDA PARTE.

Quisto vai cambear
que volta que dalle
que fai falta tempo
e solidaridades.

Que hai que arrimar
un pouquiño o hombro...!
pero amigos meus...
si e moito o escombros!

Decir democracia
pra encher a boca
está tan de moda
que evos cousa tola.

Ios representantes
da nosa Nación
- dín que foron postos
por libre elección-.

Volta a discutir
nos altos estrados
si é que lle pegaron
a un tal Señor Blanco.

De brancos e negros,
de paus e promesas
de falsas esperanzas
vive a nosa terra.

Io triste do caso
que vergonza dá !:
todo vos son verbas
que veñen e van...

Da "España Una"
pasamos a "Libre"
eu tápome os ollos,
quen queira que mire...

¿E que é libértá
que o ir pola rúa
o que é mais forte
se salga ca súa?.

Tamén pode ser
seguir coma sempre
e con catro verbas
engañar a xente.

Os darriba falan
dín que pon a cara
e teñen razón
diso non lles falta.

Ios de abaixo sempre
volta a traballar,
nin pactos, nin gaitas
comer e calar...

=====
=====
=====
=

Na nosa Galiza
siguen os chanchullos
xa estamos afeitos
a tragar nos pufos.

Seica van faguer
pra nós unha "xunta",
é verba moi vella
pra xente non culta.


Pois levan xa tempo
tirando do arado,
herencia moi noble
do povo romano.

Mais iste tinglado
que queren faguer
non sei si no carro
se van a meter...

Seguirá o povo
sinxelo, labrego,
vivindo de esperanzas,
morrendo no rego.

TRABALLOS

LITERARIUS



" H O U R I Z O N T E "

Anduriñas:

Forzan meu sono estensas
rombo danada.

Quen non palpóu o ceo tras de si vive morto.

Anduriñas:

Hoxe o meu sártego acollerá vosos corpos.

A ti, quen chora.

A ti, quen chora, neno sen ceo,

sen hourizonte,

cheo os ollos de lama e coita,

a ti, de quen quixer sorber as bágoas,

e sufrir nelas, e voltálas dempois polos meus ollos;

a ti, que non entendes de fame, libertade, terra,

a ti, pra quen non se inventaron adaxe, herdanzas, abogado, misericor-

(dia ou patrimonio;

a ti, que tan soio a ti mesmo poseses

e choras;

a ti, a quen un día na inconcencia,

deixéi chorar.

XOSÉ M. MILLAN OTERO

8º Nivel.

C.N. de BELUSO-Bueu

/ "A G A L I C I A" /
&-&-&-&-&-&-&-&-&-&-&-&-&-&-&-&

Pergueñar nuns versos
a garridez das tuas terras
é tarefa delicada
pra quen pouco ou nada sepa.

Eu non sei cantar primeiro
as tuas terras de dentro
si as tuas xeitosiñas rías
co mar bica e arrais o vento.

Os teus campos dan de tanto
e os teus mares non digamos
pero por mal entendimento
os teus homes emigraron.


Marcharon cheiños de mágoa
e con pouco aadimento
cargadiños de ilusións
e con saudades moa dentro.

Deoetés a carta chea
e dedote co seu traballo
a donde queira que foron
sempre a terriña honraron.

Deoete fideles a terriña
con máis ou menos fortuna
volvéron de novo os seus
tripando as herbas da cuna.

XOSÉ MARTINEZ CAMIÑA.

/1.978/



T R A V E S I A C A N G A S V I G O.

Dentro da lancha o mesmo bruido
escorozos todos;io medo
depinicando.Tremen e falan
calan e chuchan,
imbran os bofes de fume cincento
ceibado dos pitos .
Len uns o "Faro"
juran outros o jusco cos ollos;
as vencelleiras luses da lonxa de Cangas
pérdense.

Fináis hora dun día,
perto de outro.Neboeiro.
Emprincipa o vrañ, mais a coita non Juxe
"A unha légoa da praia".
¿E si a nau enfunde?
Aguación vara na ría.
A costa de Morrazo a unha banda,
paraleta, a de Vigo.
Mañanciña de San Xohan,
ábrente de fogueiras e méigas,
avoltas ondas navegan
feras tristuras.


Bremante na popa,
sinto o balbor do vento antre as rochas.
Mal agorio.Renxe un motor.
Resoa unha voce:"A as salvavidas"!
Ducias de corpos non agardan.
Megúllánse nas augas doentes.
Ladaíñas tódalas gorxas.
"Pacencia. Si hai que bogar
rumbo ás caldeiras, sin presa".
Tiro o cigarro.
"¿Vostede non corre?"
O barco fixo auga.
"¿Pra qué?"
"¡Fundímonos!"
Por moi abaixo que cheguen
xamais darán coa miña ialma"
"¿Está tolo!"
"¿Non vostede?"
"Salgamos de dúbidas.
As penedias están cerca."
"De acordo.Nda por perder me fica."
Dous rostros abailan
vieiro da costa.
Un vai calado;
o outro chora.

". I S T E C E O D I V I N O ."

Iste ceo divino
retrincado entre piñeiros
bambaneado en tenue berce
de salgueiros;
iste ceo entestado
co paradiso dos homes
nesta terra amoureados
entre nomes;
iste ceo onde o vran
déixou pagada borrosa

sin atrás voltar a vista
xa chorosa;
iste ceo lixado
quizáis hoxe por nubes
porque seguro mañán
será inmune;
iste ceño entre a alma
cal silveira sin espiño
dende que atrás o dexái
vai metido.






CRUCI-GRAMA



HORIZONTALES: 1.-Músculo principal del aparato circulatorio.-2.-Vocal, X.-O revés bruido que fai un banco de sardiña.-3.-Poetisa lírica galega.-4.-Morea de casas da aldea.-5.-O revés remate do diminutivo castelán.-O revés pronombre demostrativo vulgar.-6.-Punto cardinal. Preposición.-7.-Charco onde se baña a xente.-8.-Consonante. Amaco pequechiño de pedra.-9.-Que non teun malade.-Animal.


VERTICALES.-1.-Poeta galego, auto de "Aires da miña terra" -Consonante.-2.-Vocal. Mes do ano.-3.-Conxunto de rosas.-Vocal.-4) Fãmiarmente moi achegado. Que substitue a miña.-5.-Parolar.-6.-Que garda rencor.-O revés nota musi- cal.-7.-Tempo pasado do verbo ir.-O revés amosa ledicia.-Vocal repetida.

LINOGRAMA:



Resuélvelo, colocando una letra en cada punto.
(pon unha letra en cada punto)

- 1.- G = Trabucos.
- 2.- A =Nome familiar co que se disteran as persoas
- 3.- L =Xoguete de pouco valor.
- 4.- I =Que non vale
- 5.- Z x =Picoar.
- 6.- A =Moi probe.



VERTICAL.2.-Barrio do península Morrazo.

LOS VIVOS DIBUJO





Schaar Martinus Fencadés

